

Estimados alumnos, pais e nais:

A partires desta segunda avaliación as notas e as faltas vanse publicar en internet e desaparecen as papeletas de avaliación e as notificacións por correo.

Recordámoslles que as notas das avaliacións só teñen carácter informativo. O documento acreditativo das calificacións finais segue a ser a papeleta, que entregará o titor no centro ó remate do curso.

Para as consultas vaise utilizar **CentrosNet**, que é unha aplicación en internet que permite ver as notas e as faltas de asistencia desde calquera ordenador conectado á rede. Tamén ten outras prestacións, como a Axenda (para recibir mensaxes e arquivos dos profesores ou do centro), o acceso a documentación xeral do centro, ou a posibilidade de poñer anuncios.

Instrucións para as consultas:

Accedemos desde a páxina web do conservatorio

<http://centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalcorunha/> , facendo click no enlace


CentrosNet (na barra de menús)

ou ben:

-En calquera navegador introducir a dirección (recoméndase engadir aos favoritos):

<http://www.informaticacentros.com/centrosnet/ultralogin.php?tcentro=CMU&centro=C00>

Chegaremos á seguinte pantalla:



E introducimos:

- **Usuario:** número de expediente
- **Contrasinal:** o DNI (sen letras) que figura na matrícula do/a alumno/a (no caso de que non figure, pode solicitarse a clave na secretaría ou ben por e-mail na seguinte dirección: cmus.profesional.coruna@edu.xunta.es)

Con isto aparecerá a pantalla principal



E poderemos consultar as faltas e as notas baixo o menú “Historial”

En caso de calquera dúbida ou problema poden dirixirse á secretaría ([cmus.profesional.coruna@edu.xunta.es](mailto:cmus.profesional.coruna@edu.xunta.es)) ou ben ó titor.

---

**IMPORTANTE:** Para ter acceso á aplicación Centrosnet é necesario dispor de **JAVA** e un **visor de arquivos PDF** (tipo Acrobat reader). Os dous programas pódense descargar desde o menú “común”, opción “archivos y plugins” ou desde a parte inferior da páxina directamente.

**AVISO DE SEGURIDADE:** Algúns navegadores poden almacenar na súa memoria os contrasinais, polo que é recomendable ter coidado nos ordenadores de uso público.